

O 'envés' na narrativa de Ramón Loureiro: reminiscencias cunqueirianas

Arantxa Serantes*

1. Caracterización da obra de Ramón Loureiro

Ramón Loureiro é un escritor capaz de explorar os misteriosos recovecos da natureza humana, a modo de viaxe iniciática, que se concreta nunha meta, na confianza de que máis alá do horizonte hai outra realidade capaz de dar sentido á existencia. As súas narracións son unha plasmación da búsqueda entre as tebras, a través dunhas personaxes, que transitan a medio camiño entre o mundo dos mortos e dos vivos, nos que ambos senten unha mesma inquietude que non lles deixa vivir, por iso son argonautas da alma.

A narrativa de Loureiro, parte da construción da paisaxe vital de seu, que a modo de pinceladas, vai suxerindo cales son os camiños ata a súa infancia e, para iso, require da complicidade dun lector activo coñecedor das obras de escritores como: Castelao, Casares, Cunqueiro, Torrente... e os seus universos máxicos, onde o tempo e o espazo non son o máis importante senón a acción, que ten moi presente a tradición histórica: mitos célticos, grandes sagas, etc - é dicir un referente humanístico do que sabe facer uso á hora de elaborar unha crítica sobre temas de actualidade, empregando coma voceiros aquelas persoas que fan das súas vidas intrahistoria: os vencidos; aqueles que non tiveron voz e xurden en medio do caos de onde nace a sinrazón, nun apaixonante xogo de máscaras e sombras, dentro do edificio deconstruído que o lector debe reinterpretar, para lle outorgar un significado persoal e único.



* É Licenciada en Humanidades e investigadora.

De aí a novidade desta singular saga literaria. O lector anónimo convértese en coautor. Se se ten en conta as súas obras: *As Galeras de Normandía*, *A oca de Leonardo A saga de San Ferreol* ou *León de Bretaña* -por citar algunhas- todas elas son como unha chave que abre as portas da Terra de Escandoi. Son o símbolo daquilo que todos sinten ou intúen pero non saben interpretar, son un eco da evolución do pensamento colectivo que encabeza un movemento que os impulsa a avanzar pero que, historicamente, non cumpren co seu destino. Historias que parten dun soño frustrado, gardado no subconsciente e portador das incógnitas cuxo desciframento, tanto individual como colectivo, emerxe dos intervalos lúcidos da conciencia. Nas súas páxinas non hai datas ou fitos concretos. Trátase dun tempo sumerxido nun caos deconstruído que cada lector debe completar coa súa intrahistoria, que redimirá os erros cometidos noutros tempos. A *cartografía literaria* de Loureiro é o punto de partida dun proceso que se irá reescribindo. Mediante a asimilación dunha cultura atlántica, revisa a tradición autóctona para dar vida a imaxinarios alternativos, que o lector pode identificar atopándose cun punto de vista moi orixinal, caracterizado por unha vía mítica e ontolóxica híbrida, cunha complexa redacción cara unha realidade dificilmente delimitábel. Outro rasgo que caracteriza as narracións do autor é a presenza do ambiente marítimo, que só algúns autores galegos exploraron dun xeito moi puntual, quizáis porque o mar como espazo de ausencia produce un certo extrañamento cara uns dominios invisíbeis. Por iso os personaxes precisan unha estratexia de supervivencia, un ideal ao que poidan aferrarse os indefensos e os vencidos fronte á práctica defensiva dunhas élites que queren conservar os seus privilexios, nun mundo onde a manipulación e a falta dunha perspectiva ética provoca un desconcerto espectral.

2. Simbolismo da súa narrativa

O ámbito simbólico e sapiencial únese a referencias oníricas onde se elimina o tempo como elemento absoluto para poder recuperar as limitacións, ás que o autor se ve sometido, unha vez perdida a omnisciencia sobre os personaxes que comezan a ter unha vida e espazo propios. Loureiro é un observador que vai contando e transcribindo aquilo que ve, deixando de lado a biografía dos protagonistas para describir o rumbo que toman, a través das accións que son as que descubren a verdadeira esencia dos caracteres ao longo das historias persoais.

Aínda que moitas persoas e espazos se recoñecen e debuxan unha cidade de Ferrol na que persiste unha sociedade xerárquizada e inamovíbel, deixa un pequeno raio de esperanza que coma un faro na noite ilumina un espazo. Os motores da ficción impiden ler a súa obra dun xeito documental, mais as páxinas destas crónicas persoais, froito da súa experiencia xornalística e fotográfica,

fan misturar as dimensións do real e da fantasía no que as palabras cumpren unha función catártica e ontolóxica. Neste descenso aos *abismos* (palabra que se pode asociar ao misterio, polo seu significado fronteirizo entre o coñecido e o baleiro que se traduce nunha procura, un berro de alerta cando algo novo aparece no horizonte).


A densidade do que percibe o autor provoca a sensación de non ver, de non saber ou de non poder porque vive inmerso na néboa nacida da utopía onde non hai terra á vista, pois nela se purifican as imaxes da infancia, a conciencia e a cosmovisión persoais, tal e como se describe en parágrafos como este, pertencente á novela *As galeras de Normandía*: “a fragmentación do espello non que se reflicten os recordos, é por mor de que as imaxes que se producen nel estean todas feridas, a forza de ferilas, mutiladas”¹.

Unha lóxica que entra nunha crise irreversíbel ao entender que este non é o mellor dos mundos posíbeis. Un dos grandes fitos, neste sentido, está nun Sartre adaptado ata adquirir un aspecto xornalístico que se atreve a mirar dende o reverso que superpón diferentes planos para indagar na memoria que pode ser revivida, reescrita e ate reinventada na superficie duns rostros ou nuns seres que nos rodean como almas en pena que resucitan nos silencios e nos ecos máis aló do ben ou do mal.

O seu compromiso intelectual pódese resumir nunha apoloxía sobre a liberdade mesma e, sobre todo, en admitir a posibilidade da súa consecución grazas á existencia duns seres inadaptados que son asimilados a unha sociedade transixente que non obedece a ningunha causa moral ou cívica, capaz de cometer crimes e inxustizas co pleno convencemento de que o dereito está da súa parte, debido a unha oligarquía financeira que explota e extrae riqueza natural e humana, xunto a sectores interesados na perpetuación da devandita situación. Sobre as clases populares recae o labor de cambiar a historia, que permanece inacabada entre os espazos en branco que deixan tras de si palabras aínda non escritas.

Fronte á narrativa do S.XIX, que situaba aos personaxes nunha situación social específica, esta novela presenta a individuos desarraigados, solitarios e sobre todo, perdidos polas circunstancias moitas veces descoñecidas para o autor, pero que imperan e danse habitualmente na vida cotiá. Neste sentido, Ramón Loureiro, mantén longas disgresións consigo mesmo, nun intento por baleirar o seu espírito. Quizais de aí veña a necesidade de recuperar un mundo imaxinario onde o universo narrativo dá o que a realidade lle quita, dando a luz unha angustia existencial na que as relacións humanas se fan tensas, e o amor vese reducido a mera pulsión rodeada dun certo tetricismo obxectivo por parte de mentes atormentadas.

¹ Cfr. Loureiro, R., *As galeras de Normandía*, Xerais, Vigo, 2005, p.89.



3. O envés cunqueiriano en Ramón Loureiro

Todo o dito con anterioridade, converxe nunha concepción da realidade, que Loureiro toma do mestre Álvaro Cunqueiro: o envés. Quizáis veña dado pola faceta xornalística que caracteriza a ambos. Unha forma de amosar a outra faciana profesional: a das vivencias e os sentimentos. Cunqueiro dicía que con iso daba “testimonio de otra parcela de la realidad” porque “las cosas todas, además de su rostro, el haz, tienen una cara secreta, el envés”². En Loureiro maniféstase, dende varias perspectivas: como o outro lado da realidade, como a cara segreda das cousas ou o misterio e a través do espiritual ou do intanxible. A Santa Compañía, as meigas, os tesouros ocultos, o mundo dos mortos ou as manifestacións máxicas impregnan os universos destes autores porque “un mundo mágico es el haz del mundo, que nosotros, los pobres mortales, estamos contemplando por el envés. Mago es quién sabe leer los hilos del anverso por los hilos del reverso. En este sentido, los gallegos intentamos ser un poco magos”³. Magos coma Merlín, ao que ambos autores, lle outorgan novas coordenadas espaciotemporais. Mais, ¿qué fai un mago coma este na Galicia contemporánea? Quizáis sexa a viva imaxe dun héroe, encravado nunha realidade hostil que lle ofrece expectativas limitadas, para levar a súa maxia ao lugar que corresponde ou mesmo represente unha idade dourada onde o mito todavía era posíbel.

O hábitat básico deste Merlín era Mondoñedo⁴, equiparable ao Escandoi de Loureiro, que tamén o integra. Dita demarcación territorial, non



² Cfr. Cunqueiro, A., “Volando con el trueno”, *Faro de Vigo*, 29/5/1963, p.16 y Cunqueiro, A., *El envés*, Taber, Barcelona, 1969, p.8.

³ Cfr. Citado por Conte, R., “Haz y envés de Álvaro Cunqueiro”, *Informaciones de las artes y las letras*, 13/3/1969, p.3.

⁴ Cfr. Cunqueiro, A., *Merlín e familia*, Galaxia, Vigo, 1999. Exemplos: “As derradeiras mandrágoras trouxéraas Xosé do Cairo de Mondoñedo” (p.34) ou “teño pra min que a quebradura do mundo chegaba de Cambrai a Mondoñedo” (p.108).

limita pois hai nela unha “capacidade de tránsito” - como dí Franco Grande- para “contemplar irónicamente a realidade; podemos “estar de volta” das cousas, de onde nos ven esa especial ironía que se chama humor, e que é a frol máis enxebre, máis auténtica de liberdade espiritual do home”⁵ onde a imaxinación e os sonhos superan calquera localismo. É o `eu imaxinativo (escritor) o que loita co `eu máis práctico (xornalista).

A contemplación da vida polo `envés é o gran esforzo de Cunqueiro e Loureiro por seguir mantendo a tensión entre o real e o desexado, aínda cando esta tensión se esnaquice, por momentos máximos de traxedia. En *As galeras de Normandía e León de Bretaña* hai moitos episodios con esas características, vividos polos *tristes* - aqueles que sofren inxustizas e malviven nun mundo que non é para eles-. Mais un intelectual humano, como é Loureiro, logra coa ironía ir dende “a esperanza á desilusión, co humor de tolerancia que esa mesma desilusión impón”⁶.

Para Woodhouse hai que “trascender el realismo objetivista y captar la esencia del existir”⁷. É dicir, a outra cara das novas e da información xornalística, que tanto cuestionaba Cunqueiro, pola súa transmisión inmediata. De feito, o propio Cunqueiro, fabulaba en moitas das súas colaboracións de *Faro de Vigo* para outorgar a súa particular visión do mundo e do xornalismo. O mesmo que fai Loureiro na súa columna *Dende escandoi* de *La Voz de Galicia*.

4. Conclusións


Loureiro invita a participar a contertulios moi diversos, convertendo a novela nun espazo de libre expresión. Só a través da palabra, que deixa de ser un vehículo de expresión, para converterse nunha vivencia directa, márcase a traxectoria que permite resolver as incógnitas plantexadas porque só nos diálogos, explícitos ou non, se revelan os protagonistas, os carentes de nome, os difíciles de entender, os partos prematuros dun futuro non verificado, cuxa única recompensa está cabo do mundo. As súas personaxes inadaptadas, son coma páxaros aos que lles está vetado pousar, por moito tempo, os pés na terra porque voan sen descanso ata que chega a morte, a transformación, o tránsito decisivo, “porque para nos mesmos non hai outra posibilidade que fracasar”- según Loureiro. Mais como se suxire a través de figuras coma o príncipe de dúas cabezas⁸ -personaxe de grande relevan-

⁵ Cfr. Franco Grande, X. L., “Introducción a Álvaro Cunqueiro”, *Grial*, n.42, (1973), p.413.

⁶ Cfr. Cunqueiro, A., *Obra en galego completa*, 4 vols., Galaxia, Vigo, 1991, p.85.

⁷ Woodhouse, C.de la Torre., *La realidad total de Álvaro Cunqueiro*, Emory University, 1979, p.1 (Tesis doctoral)

⁸ Esta personaxe é coma o héroe bicéfalo que eu atopo oculto nas personaxes, Felipe e Merlín, da obra cunqueiriana *Merlín e familia*. Ambos son coprotagonistas e desglosan dous ámbitos do ser humano: o héroe que aprende e o héroe que ensina.



cia nos seus escritos-, un é como mínimo dous e ás veces máis de dous, porque só a través dos demais somos alguén, como o reflexo do “eu” ao outro lado do espello que se desdobra. Así é o lector, un membro máis desta pequena comunidade en constante expansión. Este será o rexurdimento da esperanza nunha nova era.

